

### En Galicia, onde podo cursar este ciclo de G.M. Emerxencias Sanitarias?

Coa actual oferta educativa de adultos, pódese cursar en:

No réxime de adultos presencial:

- ✓ CIFP Ánxel Casal-Monte Alto de A Coruña
- ✓ IES Leixa de Ferrol
- ✓ IES Lamas de Abade de Santiago de Compostela
- ✓ CIFP Politécnico de Lugo
- ✓ CIFP A Carballeira-M. Valcárcel de Ourense
- ✓ IES Ricardo Mella de Vigo

No réxime de adultos a distancia:

- ✓ CIFP Ánxel Casal- Monte Alto de A Coruña
- ✓ IES Ricardo Mella de Vigo

### Que teño que facer para matricularme no ciclo?

Anualmente, hai dous períodos de presentación de solicitudes de admisión, ordinario (17 de xuño-2 de xullo) e extraordinario (1-12 de setembro). Se presentas a solicitude no prazo ordinario, terás preferencia sobre quen a presente no prazo extraordinario. Se obtés unha praza, terás un novo prazo para matricularte.

Máis información sobre este procedemento:

- Departamento de Acreditación e Probas do centro.
- Departamento de Información e Orientación Profesional do centro.
- Páxina web: <http://www.politecnicolugo.org>
- Páxina web: <http://www.edu.xunta.es/fp/acreditacion>

## CONVOCATORIA ACREDITACIÓN COMPETENCIAS PROFESIONAIS (2017): ORIENTACIÓN PARA O CANDIDATO/A A EMERXENCIAS SANITARIAS



**DEPARTAMENTO DE INFORMACIÓN E ORIENTACIÓN PROFESIONAL**  
**CIFP POLITÉCNICO DE LUGO**

**Cómo inscribirme no procedemento?**

Cubriendo unha solicitude na páxina: <http://www.edu.xunta.es/acreditacion> e entregándoa ou enviándoa por correo certificado, en soporte papel, ao centro onde se desenvolva o procedemento. O prazo remata o 03 de febreiro.

**Qué efecto teñen as acreditacións?**

As acreditacións obtidas por este procedemento, teñen efectos acumulables, para conseguir un certificado de profesionalidade ou, completando a formación correspondente, un título de formación profesional.

Ex: módulos que valida cada unidade de competencia convocada:

UC ACREDITADA	MÓDULO DE FP VALIDADO
<b>UC0069_1</b> Manter preventivamente o vehículo sanitario e controlar a súa dotación material.	<b>MP0052</b> Mantemento mecánico preventivo do vehículo. <b>MP0054</b> Dotación sanitaria.
<b>UC0070_2</b> Prestarlle a pacientes soporte vital básico e apoio ao soporte vital avanzado.	<b>MP0055</b> Atención sanitaria inicial en situación de emerxencia <b>MP0056</b> Atención sanitaria especial en situación de emerxencia.
<b>UC0071_2</b> Trasladar pacientes ao centro sanitario útil.	<b>MP0057</b> Evacuación e traslado de pacientes.
<b>UC0072_2</b> Aplicar técnicas de apoio psicolóxico e social en situación de crise.	<b>MP0058</b> Apoio psicolóxico en situación de emerxencia.
<b>UC00360_2</b> Colaborar na organización e no desenvolvemento da loxística sanitaria en escenarios con múltiples vítimas e catástrofes, asegurando o abastecemento e a xestión de recursos e apoiando os labores de coordinación en situación de crise.	<b>MP0053</b> Loxística sanitaria en emerxencias.
<b>UC00361_2</b> Prestar atención sanitaria inicial a múltiples vítimas.	<b>MP0055</b> Atención sanitaria inicial en situacións de emerx.
<b>UC00362_2</b> Colaborar na preparación e na execución de plans de emerxencia e de dispositivos de risco previsible.	<b>MP0059</b> Plans de emerxencia e dispositivos de riscos previsibles.

A acreditación das sete unidades de competencia anteriores permite obter:

- ✓ **O certificado de profesionalidade: SANT0208 Transporte Sanitario**
- ✓ **O certificado de profesionalidade: SAN122\_2 Atención sanitaria a múltiples vítimas e catástrofes.**
- ✓ **Validar oito módulos formativos do ciclo de FP.**

**Como podo seguir completando a miña formación?**

**Se tes os requisitos de acceso a FP** (Título de Graduado en ESO, outra titulación equivalente para efectos académicos ou proba de acceso a ciclos de grao medio) podes solicitar praza no ciclo de FP de Grao Medio "Emerxencias Sanitarias" para acadar o Título. Faltaríache por cursar outros catro módulos e a Formación en Centros de Traballo (FCT) ou solicitar a súa exención.

Podes presentarte ás **probos libres** para a obtención do título, que se convocan anualmente.

**Se non tes os requisitos de acceso a FP**, podes solicitar admisión, ou presentarte ás probas libres, pero só en módulos asociados a unidades de competencia. Sen os requisitos de acceso, nunca poderás acadar a titulación.

Podes consultar os módulos que componen cada ciclo formativo en: <http://www.edu.xunta.es/tp/currículos>, epígrafe "Familias Profesionais/ Sanidade/Emerxencias Sanitarias".

**Se quero obter os requisitos de acceso, que podo facer?**

Presentarte ás probas de acceso a ciclos de grao medio, que se convocan anualmente.

Presentarte ás probas libres para obter o Título de Graduado en ESO, que se convocan anualmente para persoas con 18 anos cumpridos.

Matricularte nas ensinanzas de graduado en secundaria para persoas adultas, nun centro que imparta estas ensinanzas. Consulta os centros en: [www.edu.xunta.es/web/ea](http://www.edu.xunta.es/web/ea)